ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 36019751 | Antón Alonso Ríos | Tomiño | 2024/2025 |

### Ciclo formativo

| Código da familia profesional | Familia profesional | Código do ciclo formativo | Ciclo formativo | Grao | Réxime |
|---|---|---|---|---|---|
| AGA | Agraria | CD2AGA000400 | Aproveitamento e conservación do medio natural | Ciclos formativos de grao medio | Réxime xeral-ordinario |

### Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

| Código MP/UF | Nome | Curso | Sesións semanais | Horas anuais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|---|
| MP1709 | Itinerario persoal para a empregabilidade I | 2024/2025 | 4 | 107 | 128 |
| MP1709_12 | Prevención de riscos laborais | 2024/2025 | 4 | 50 | 60 |
| MP1709_22 | Empregabilidade e relacións laborais | 2024/2025 | 4 | 57 | 68 |

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

### Profesorado responsable

| | |
|---|---|
| Profesorado asignado ao módulo | IRIA PARDO ROMERO |
| Outro profesorado | |

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A presente Programación Didáctica, dentro das directrices xerais do Regulamento Orgánico dos Institutos de Educación Secundaria no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, fai referencia ó módulo de IPE I do Ciclo Formativo de Grao Medio de Aproveitamento e Conservación do Medio Natural no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. O Decreto que establece o seu título, os ensinos mínimos e o seu currículo é o Decreto 192/2013 de 27 de decembro, e tamén temos que mencionar a LO 3/2022 de ordenación de la Formación Profesional onde se recolle que o módulo para o que se está a programar ven a substituír ó módulo de FOL, e para a elaboración da presente programación tívose en conta a Resolución da Xunta de 10 de xullo de 2024 pola que se ditan as instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de formación profesional no curso 24/25 e onde se atopa, nos seus anexos, o currículo do módulo de IPE I.

O módulo profesional de Itinerario Persoal para Empregabilidade I, que se imparte durante catro sesións semanais de cincuenta minutos ao longo de todo o curso curso, vai dirixido aos alumnos matriculados no primeiro curso do ciclo de Aproveitamento e Conservación do Medio Natural que se ofrece no IES Antón Alonso Ríos.

CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO E DO CENTRO

O alumnado ten unha procedencia variada, fundamentalmente dos concellos que conforman o espazo do Baixo Miño (Tomiño, O Rosal, A Guarda, Tui,...). Algúns deles completaron a E.S.O. para acceder ao ciclo, e outros fixérono sen titular a través da proba de acceso a ciclos de grao medio. Incluso hai alumnos que cursaron outros ciclos antes de acceder ao ciclo. O grupo de alumnos non presenta por tanto dificultades significativas de aprendizaxe.

O IES Antón Alonso Ríos atópase enclavado no concello do mesmo nome e na Comarca do Baixo Miño. Atópase a unha distancia de 15 kilómetros do concello da Guarda, a 12 kilómetros do concello de Tui (e polo tanto de Portugal) e a tan só 40 kilómetros da cidade de Vigo. Dado o seu clima temperado e húmido, unido ás condicións xeolóxicas e edafolóxicas que orixinan solos de gran fertilidade, é un lugar óptimo para o cultivo agrícola e forestal, o que da lugar a moitas empresas relacionadas con este sector (sobre todo viveiros e viveiros forestais).

CONTORNO PROFESIONAL

As persoas que obteñan o título de técnico en aproveitamento e conservación do medio natural han exercer a súa actividade en empresas grandes, medianas e pequenas, tanto públicas como privadas, dedicadas aos traballos de repoboación forestal, de restauración e ordenación hidrolóxico-forestal e de aproveitamento forestal, así como de control e vixilancia do medio natural.
Trátase de persoas que poidan exercer a súa actividade por conta allea ou por conta propia, que se integran en equipos de traballo con outras do mesmo ou de inferior nivel de cualificación, dependendo organicamente dun mando intermedio.
En certos casos de empresas pequenas, poden ter baixo a súa responsabilidade persoal operario, pero coa supervisión da persoa responsable de produción.
As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:
- Traballador/ora cualificado/a en actividades forestais.
- Traballador/ora especialista en aproveitamentos de madeiras, cortiza e leñas.

- Maquinista de procesadora forestal.
- Tractorista.
- Motoserrista, abatedor/ora e cortador/ora de toradas.
- Corticeiro/a.
- Traballador/ora especialista en traballos de altura nas árbores.
- Traballador/ora especialista de empresas de repoboación.
- Traballador/ora especialista de empresas que realicen traballos de corrección hidrolóxico-forestal.
- Traballador/ora especialista de empresas que realicen tratamentos silvícolas.
- Traballador/ora especialista de empresas que realicen traballos de construción e mantemento de camiños.
- Traballador/ora especialista por conta propia en traballos de repoboación e tratamentos silvícolas.
- Viveirista.
- Traballador/ora en viveiros, en xeral.
- Traballador/ora cualificado/a por conta propia en hortas, viveiros e xardíns.
- Traballador/ora cualificado/a por conta allea en hortas, viveiros e xardíns.
- Traballador/ora cualificado/a en propagación de plantas en viveiro.
- Traballador/ora cualificado/a en cultivo de plantas en viveiro.
- Traballador/ora especialista en colleita de sementes e froitos en altura.
- Traballador/ora cualificado/a en produción de sementes.
- Aplicador de produtos fitosanitarios.
- Enxertador/ora.
- Traballador/ora especializado/a en inventario, seguimento e adecuación do hábitat natural e de especies acuícolas continentais e cinexéticas.
- Traballador/ora especializado/a en repoboacións de especies cinexéticas, piscícolas e astacícolas.
- Traballador/ora cualificado/a por conta propia ou allea en actividades forestais e similares.
- Auxiliar en traballos de control legal de depredadores ou especies invasoras.
- Guía de actividades de turismo cinexético-piscícola.

PROSPECTIVA DO TÍTULO NO SECTOR

Os efectos do cambio climático, a sobreexplotación e o conseguinte esgotamento dos recursos naturais, a desaparición de especies da flora e fauna silvestre e a degradación dos espazos naturais de interese danlle maior protagonismo á protección dos espazos naturais, configurándoa como unha das ferramentas básicas para a conservación, o uso sustentable e a mellora do patrimonio natural e da biodiversidade.

No ámbito forestal, Galicia ocupa un lugar esencial e sitúase, sen lugar a dúbidas, como a maior potencia forestal de España e unha das máis importantes de Europa. Destacan os soutos, as carballeiras, e os

bosques mixtos e de ribeira, onde se compaxina a actividade humana coa conservación do medio natural e, xa que logo, o desenvolvemento sustentable. Este importante número de espazos naturais garante a biodiversidade e o endemismo.

O investimento en bosques significa investimento en calidade de vida: a plantación de novas masas forestais, a restauración, a conservación e o mantemento das masas xa existentes representan un ben intanxible para a sociedade, dun valor incalculable xa que estas almacenan unha porcentaxe importante das emisións anuais de CO2, contribuíndo así á loita contra o cambio climático. Favorécese tamén o mantemento do ciclo hidrolóxico, a diminución da erosión e do proceso de desertificación, e o enriquecemento do solo.

Ademais, o sector forestal é unha vea de emprego rural que axuda a evitar o despoboamento e o abandono do campo, e contribúe á xeración de riqueza, revitalizando o medio natural. Nesta liña, a actividade cinexética e piscícola, a educación ambiental e a concienciación no respecto polo medio natural e polos problemas ambientais son novas fontes de emprego, que xeran tamén bens económicos e sociais.

As actividades de lecer, tempo libre e turismo activo que xurdiron en torno aos espazos naturais, protexidos ou non, precisan persoal cualificado, do mesmo xeito que cómpre para a defensa contra incendios forestais, outro dos subsectores que xeran emprego hoxe en día.

Este persoal debe presentar un perfil polivalente, capaz de se adaptar aos cambios, cun alto grao de autonomía, pero con capacidade para traballar en equipo, de xeito coordinado, e para tomar de decisións.

As innovacións neste sector diríxense á produción de biomasa como combustible, á mellora tecnolóxica de máquinas, ferramentas e equipamentos, e ao uso das novas tecnoloxías da información, respectando e aplicando a normativa de prevención de riscos laborais, a específica dos traballos forestais e a de protección ambiental.

ADECUACIÓN DA PROGRAMACIÓN A ESTAS CARACTERÍSTICAS

Por iso é fundamental cara ao futuro profesional do alumno ter en conta na programación este contexto socio-económico e as diferentes áreas profesionais nas que poden desenvolver o seu traballo, para que o alumno teña un maior campo de xestión no momento de incorporarse á vida laboral. Coa presente Programación perséguese precisamente que os futuros profesionais se sitúen na actividade económica, co obxectivo de dar resposta tanto aos seus intereses formativos como de preparación para o emprego, constituíndo unha guía adecuada na que se formulan consideracións básicas á hora de elixir ou construír un itinerario profesional. Trátanse contidos tan esenciais como: o acceso ao emprego, as relacións laborais, os dereitos e obrigas dos traballadores, a saúde laboral,... Non se esquecen tampouco outros elementos de alcance actitudinal, entre os que distinguimos: a idea de dereito e de deber nas relacións laborais, a integración da muller no mercado de traballo, o respecto polas normas de prevención de riscos laborais, etc.

O currículo do ciclo formativo contempla a existencia de dúas unidades formativas dentro do módulo de IPE I.: a unidade formativa "Empregabilidade e relacións laborais" (co código MP1709_22) e a unidade formativa "Prevención de riscos laborais" (co código MP1709_12). Para desenvolver estas dúas unidades formativas, esta programación prevé tres grandes bloques de contidos, correspondéndose os dous primeiros coa primeira unidade e o terceiro bloque coa segunda unidade formativa. Así pois, e como recollen as instrucións mencionadas no primeiro parágrafo desenvólvese o bloque de Prevención de riscos e saúde Laboral proporcionando unha visión integral dos factores de risco máis habituais na actividade laboral e das medidas de prevención e protección para previlos e posteriormente abordaranse os outros dous bloques , no que se expoñen os distintos dereitos e obrigas dos traballadores no seo da relación laboral, así como os rasgos fundamentais do sistema de Seguridade Social e tamén o bloque de Orientación e Inserción socio-laboral, no que se expoñen as formas de acceso ó mercado do traballo e as técnicas de busca de emprego.

Tamén se presta especial atención á diversidade, xa que a aplicación eminentemente práctica dos contidos permite satisfacer as diferentes demandas do alumnado ó que vai dirixido, xa sexan relacionadas co sistema da formación profesional no seu conxunto, a formación para o emprego, o coñecemento da economía e o Dereito Laboral, etc.

Así pois, o tratamento dado ao módulo IPE I está encamiñado a familiarizar ó alumnado co marco legal das condicións de traballo e de relacións laborais do ámbito profesional concreto e dotalo dos recursos e da orientación necesaria para a procura dun posto de traballo e o autoemprego... Polo que se pode resumir dicindo que o obxectivo fundamental desta Programación é que os alumnos alcancen a súa madurez profesional, permitíndolles o coñecemento da contorna económica e laboral, así como ofrecerlles un recurso didáctico para alcanzar o itinerario socio-profesional adecuado.

## 3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

| U.D. | Título | Descrición | Duración (sesións) | Peso (%) | Resultados de aprend | Resultados de aprendizaxe | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | 170912 | 170922 | | | |
| | | | | | RA 1 | RA 1 | RA 2 | RA 3 | RA 4 |
| 1 | A prevención de riscos: Conceptos básicos | Concepto de saúde, factores de risco, danos á saude dos traballadores e medidas de prevención e protección de riscos | 19 | 10 | X | | | | |
| 2 | Factores de riesgo y su prevención. | Determinación e análise dos factores de risco laboral | 20 | 10 | X | | | | |
| 3 | Xestión da prevención e primeiros auxilios. | Normativa en materia de prevención, dereitos e obrigas de cadaquén. Primeiros auxilios e SVB | 21 | 10 | X | | | | |
| 4 | A relación laboral | Normas e organismos no ámbito laboral, regulación xurídica da relación laboral individual e do contrato de traballo, e dereitos colectivos dos traballadores. | 16 | 20 | | | | | X |
| 5 | O tempo de traballo e o salario | Tempo de traballo: xornada, descansos, horas extra, traballo nocturno e a quendas. Retribución: conceptos retributivos, SMI, nómina, garantías do salario. | 12 | 20 | | | | | X |
| 6 | Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo | Modificación, suspensión e extinción: requisitos e efectos. | 10 | 10 | | | | | X |
| 7 | A seguridade social | O sistema español de Seguridade Social: réximes, cotización, prestacións | 12 | 10 | | | | | X |
| 8 | A procura de emprego e o proxecto profesional | Mercado de traballo, técnicas de busca de emprego e autoemprego e autocoñecemento | 18 | 10 | | X | X | X | |
| | | Total: | 128 | | | | | | |

## 4. Por cada unidade didáctica

### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | A prevención de riscos: Conceptos básicos | 19 |

### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|---|
| RA1 - Adquire as competencias necesarias para o desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais consonte o establecido na normativa de prevención de riscos laborais vixente | NO |

### 4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

| Obxectivos específicos | Act | Título das actividades | Duración (sesións) |
|---|---|---|---|
| 1.1 Familiarizarse cos conceptos básicos da prevención: saúde, traballo, risco, perigo, dano etc.<br><br>1.2 Identificar as modificacións ambientais que se producen no traballo | 1 | Traballo e saúde | 9,0 |
| 2.1 Identificar e analizar os principios de acción preventiva, medidas e técnicas de prevención e protección. | 2 | Acción preventiva: medidas e técnicas de prevención e protección | 4,0 |
| 3.1 Comprender a necesidade de protección da saúde de traballadores sensibles a determinados riscos | 3 | Colectivos especialmente protexidos | 4,0 |
| 4.1 Avaliar os coñecementos de partida e o proceso de ensino-aprendizaxe tendo en conta os criterios de avaliació | 4 | Avaliación | 2,0 |
| | | TOTAL | 19 |

### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación | Instrumentos de avaliación | Mínimos exixibles | Peso cualificación (%) |
|---|---|---|---|
| CA1.1 Valorouse a importancia da cultura preventiva en todos os ámbitos e as actividades da empresa ou do organismo equiparado, relacionando as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora, e identificando e clasificando os factores de risco na actividade e os danos derivados destes, especialmente as situacións de risco máis habituais nas contornas de traballo do sector profesional relacionado co título | • PE.1 - Proba escrita-exame | S | 100 |

| | |
|---|---|
| TOTAL | 100 |

## 4.1.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Relación entre traballo e saúde. |
| Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar situacións de risco na súa contorna laboral. |
| Tipoloxía dos danos: patoloxías específicas (accidentes de traballo e doenzas profesionais) e outras patoloxías relacionadas cos riscos psicosociais (estrés laboral, acoso e outras formas de violencia laboral, fatiga etc.). |
| Análise dos factores de risco derivados das condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais na empresa ou no organismo equiparado do sector produtivo do ciclo formativo. |
| Protección de persoas traballadoras en especiais situacións de vulnerabilidade (menores, maternidade e persoas especialmente sensibles a determinados riscos). |
| 0Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral. |
| Medidas de protección individual e colectiva: equipamentos de protección individual e sinalización de seguridade. |
| Principais técnicas de prevención. |
| Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados. |

### 4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

| Que e para que | Como | | | Con que | Como e con que se valora | Duración (sesións) |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Actividade (título e descrición) | Profesorado (en termos de tarefas) | Alumnado (tarefas) | Resultados ou produtos | Recursos | Instrumentos e procedementos de avaliación | |
| Traballo e saúde - Conceptos básicos: saúde, factores de risco, danos, accidente de traballo, enfermidade profesional, fatiga, insatisfcción... | • Exposición | • Resolución de cuestións e supostos prácticos | • Esquemas, apuntamentos, cuestións resoltas | • Libro de texto e documentación facilitada polo profesor. Internet. | • PE.1 - Proba escrita-exame | 9,0 |
| Acción preventiva: medidas e técnicas de prevención e protección - Acción preventiva: medidas e técnicas de prevención e protección | • Exposición | • Resolución de cuestións e supostos prácticos | • Esquemas, apuntamentos, cuestións resoltas | • Libro de texto e documentación facilitada polo profesor. Internet. | • PE.1 - Proba escrita-exame | 4,0 |
| Colectivos especialmente protexidos - Colectivos especialmente protexidos: traballadores sensibles a determinados riscos; maternidade; lactación; menores | • Exposición | • Resolución de cuestións e supostos prácticos | • Esquemas, apuntamentos, cuestións resoltas | • Libro de texto e documentación facilitada polo profesor. Internet | • PE.1 - Proba escrita-exame | 4,0 |
| Avaliación - Avaliación: proba | | • | • | • | • PE.1 - Proba escrita-exame | 2,0 |
| | | | | | TOTAL | 19,0 |

### 4.2.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 2 | Factores de riesgo y su prevención. | 20 |

### 4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|---|
| RA1 - Adquire as competencias necesarias para o desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais consonte o establecido na normativa de prevención de riscos laborais vixente | NO |

## 4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

| Obxectivos específicos | Act | Título das actividades | Duración (sesións) |
|---|---|---|---|
| 1.1 Identificar e clasificar os distintos tipos de riscos máis habituais no sector<br><br>1.2 Avaliar os riscos nun contorno de traballo propio do sector de actividade | 1 | Os riscos laborais | 8,0 |
| 2.1 Clasificar e describir os distintos tipos de danos profesionais<br><br>2.2 Identificar as distintas técnicas preventivas axeitadas para previr ditos danos | 2 | Os danos e a súa prevención | 7,0 |
| 3.1 Identificar as diferentes sinais de seguridade | 3 | Sinalización de seguridade | 3,0 |
| 4.1 Avaliar os coñecementos de partida e o proceso de ensino-aprendizaxe tendo en conta os criterios de avaliación | 4 | Avaliación | 2,0 |
| | | TOTAL | 20 |

## 4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación | Instrumentos de avaliación | Mínimos exixibles | Peso cualificación (%) |
|---|---|---|---|
| CA1.2 Clasificáronse e describíronse os tipos de danos profesionais relacionados co perfil profesional do título, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais | • PE.1 - Proba escrita-exame | S | 50 |
| CA1.3 Determinouse a avaliación de riscos na empresa ou no organismo equiparado e definíronse as técnicas de prevención e de protección que deben aplicarse para evitar os danos na súa orixe e minimizar as súas consecuencias | • PE.2 - Proba escrita-exame | S | 50 |
| | | TOTAL | 100 |

## 4.2.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar situacións de risco na súa contorna laboral.<br><br>Tipoloxía dos danos: patoloxías específicas (accidentes de traballo e doenzas profesionais) e outras patoloxías relacionadas cos riscos psicosociais (estrés laboral, acoso e outras formas de violencia laboral, fatiga etc.).<br><br>Análise dos factores de risco derivados das condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais na empresa ou no organismo equiparado do sector produtivo do ciclo formativo. |

| Contidos |
|---|
| Protección de persoas traballadoras en especiais situacións de vulnerabilidade (menores, maternidade e persoas especialmente sensibles a determinados riscos). |
| Medidas de protección individual e colectiva: equipamentos de protección individual e sinalización de seguridade. |
| Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados. |

## 4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

| Que e para que | Como | | | Con que | Como e con que se valora | Duración (sesións) |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Actividade (título e descrición) | Profesorado (en termos de tarefas) | Alumnado (tarefas) | Resultados ou produtos | Recursos | Instrumentos e procedementos de avaliación | |
| Os riscos laborais - Os riscos laborais: identificación e clasificación | • Exposición | • Resolución de cuestións e supostos prácticos | • Esquemas, apuntamentos, cuestións resoltas | • Libro de texto e documentación facilitada polo profesor. Internet. | • PE.2 - Proba escrita-exame | 8,0 |
| Os danos e a súa prevención - Tipos de danos e técnicas preventivas | • Exposición | • Resolución de cuestións e supostos prácticos | • Esquemas, apuntamentos, cuestións resoltas | • Libro de texto e documentación facilitada polo profesor. Internet | • PE.1 - Proba escrita-exame | 7,0 |
| Sinalización de seguridade - As sinais de seguridade e o seu significado | • Explicación e visualización videos Napo | • Realización e resolución de ejercicios | • Esquemas, apuntamentos, cuestións resoltas | • Libro de texto, documentación facilitada pola profesora. Internet | • PE.2 - Proba escrita-exame | 3,0 |
| Avaliación - Avaliación da UD: proba escrita | | • Realización proba escrita | • Proba escrita | • Material escolar, folios | • PE.1 - Proba escrita-exame<br>• PE.2 - Proba escrita-exame | 2,0 |
| | | | | | TOTAL | 20,0 |

## 4.3.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 3 | Xestión da prevención e primeiros auxilios. | 21 |

## 4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|---|
| RA1 - Adquire as competencias necesarias para o desempeño das funcións de nivel básico en prevención de riscos laborais consonte o establecido na normativa de prevención de riscos laborais vixente | NO |

## 4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

| Obxectivos específicos | Act | Título das actividades | Duración (sesións) |
|---|---|---|---|
| 1.1 Identificar as diferentes formas de organizar a prevención na empresa e as responsabilidades derivadas desa organización<br><br>1.2 Valorar a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e as actividades da empresa | 1 | Organización da prevención na empresa | 3,0 |
| 2.1 Identificar as competencias e funcións dos organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais | 2 | Organismos públicos en materia de prevención | 1,0 |
| 3.1 Analizar as diferentes fases e procedementos para a elaboración dun plan de emerxencia nunha pequena empresa<br><br>3.2 Analizar as diferentes fases e procedementos para a elaboración dun plan de prevención | 3 | O plan de emerxencia dentro de o plan de prevención | 6,0 |
| 4.1 Identificar as diferentes situación de emerxencia e identificar e coñeceras diferentes técnicas de actuación frente a emerxencias | 4 | Primeiros Auxilios | 9,0 |
| 5.1 Avaliar os coñecementos de partida e o proceso de ensino-aprendizaxe tendo en conta os criterios de avaliación | 5 | Avaliación | 2,0 |
| | | TOTAL | 21 |

## 4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación | Instrumentos de avaliación | Mínimos exixibles | Peso cualificación (%) |
|---|---|---|---|
| CA1.4 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia | • PE.1 - Proba escrita-exame | S | 20 |
| CA1.5 Determináronse os principais dereitos e deberes en materia de prevención de riscos laborais | • PE.2 - Proba escrita-exame | S | 20 |
| CA1.6 Clasificáronse as formas de xestión da prevención na empresa ou no organismo equiparado, en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais, e determináronse as formas de representación das persoas traballadoras na empresa ou no organismo equiparado en materia de prevención de riscos | • PE.3 - Proba escrita-exame | S | 10 |
| CA1.7 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa ou no organismo equiparado que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia, e reflexionouse sobre o contido deste | • PE.4 - Proba escrita-exame | S | 10 |
| CA1.8 Determináronse os requisitos e as condicións para a vixilancia da saúde da persoa traballadora e a súa importancia como medida de prevención | • PE.5 - Proba escrita-exame | S | 20 |
| CA1.9 Identificáronse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante distintos tipos de danos, así como a composición e o uso da caixa de primeiros auxilios | • PE.6 - Proba escrita-exame | S | 20 |

| | |
|---|---|
| TOTAL | 100 |

## 4.3.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| 0Análise das condicións e dos límites da vixilancia da saúde na empresa, e das repercusións dos resultados dos recoñecementos médicos na relación laboral. |
| Protocolos de actuación ante diversas situacións de emerxencia na empresa. |
| Órganos de representación e participación das persoas traballadoras na prevención de riscos laborais. |
| Planificación da prevención de riscos na empresa ou no organismo equiparado: contido mínimo dun plan de prevención. |
| Plan de emerxencia e evacuación en contornas de traballo. |
| Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia. |
| Obrigas das empresas ou os organismos equiparados ante as emerxencias. |
| Marco normativo. |
| Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en materia de prevención de riscos laborais. |
| Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos. |
| Aplicación das principais técnicas de primeiros auxilios. |
| Composición da caixa de primeiros auxilios. |
| Actuación responsable en situacións de emerxencia e primeiros auxilios. |
| Actuación en caso de risco grave e inminente. |
| Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades. |

## 4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

| Que e para que | Como | | | Con que | Como e con que se valora | Duración (sesións) |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Actividade<br><br>(título e descrición) | Profesorado (en termos de tarefas) | Alumnado (tarefas) | Resultados ou produtos | Recursos | Instrumentos e procedementos de avaliación | |
| Organización da prevención na empresa - Diferentes formas de organización da prevención. | • Exposición | • Resolución de cuestións e supostos prácticos | • Esquemas, apuntamentos, cuestións resoltas | • Libro de texto e documentación facilitada polo profesor. Internet. | • PE.2 - Proba escrita-exame<br>• PE.3 - Proba escrita-exame<br>• PE.5 - Proba escrita-exame | 3,0 |
| Organismos públicos en materia de prevención - Organismos estatais e autonómicos en materia de prevención de riscos laborais | • Exposición | • Resolución de cuestións e supostos prácticos | • Esquemas, apuntamentos, cuestións resoltas | • Libro de texto e documentación facilitada polo profesor. Internet. | • PE.2 - Proba escrita-exame | 1,0 |
| O plan de emerxencia dentro de o plan de prevención - O plan de emerxencia: contidos; elaboración; axentes implicados; e plan de prevención: contidos; elaboración; axentes implicados | • Exposición | • Resolución de cuestións e supostos prácticos<br>• Definición e deseño dun plan de emerxencia dentro dun plan de prevención sinxelo para unha empresa do sector | • Esquemas, apuntamentos, cuestións resoltas. Deseño plan emergencia e prevención | • Esquemas, apuntamentos, cuestións resoltas. Deseño do plan de prevención e emerxencia, internet, libro de texto. | • PE.1 - Proba escrita-exame<br>• PE.2 - Proba escrita-exame<br>• PE.4 - Proba escrita-exame | 6,0 |
| Primeiros Auxilios - Principios xerais de actuación; SVB e ostras emerxencias | • Exposición | • Resolución de cuestións e supostos prácticos | • Esquemas, apuntamentos, cuestións resoltas. | • Libro de texto e documentación facilitada polo profesor. Internet. | • PE.1 - Proba escrita-exame<br>• PE.2 - Proba escrita-exame<br>• PE.6 - Proba escrita-exame | 9,0 |
| Avaliación - Avaliación da UD: proba escrita | | | | | • PE.1 - Proba escrita-exame<br>• PE.2 - Proba escrita-exame<br>• PE.3 - Proba escrita-exame<br>• PE.4 - Proba escrita-exame | 2,0 |

| Que e para que | Como | | | Con que | Como e con que se valora | Duración (sesións) |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Actividade<br><br>(título e descrición) | Profesorado (en termos de tarefas) | Alumnado (tarefas) | Resultados ou produtos | Recursos | Instrumentos e procedementos de avaliación | |
| | | | | | • PE.5 - Proba escrita-exame<br>• PE.6 - Proba escrita-exame | |
| | | | | | TOTAL | 21,0 |

## 4.4.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 4 | A relación laboral | 16 |

## 4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|---|
| RA4 - Analiza as súas condicións laborais como persoa traballadora por conta allea e identifícaas nos principais tipos de cambios e vicisitudes relevantes que se poden presentar na relación laboral, na normativa laboral e especialmente no convenio colectivo do sector | NO |

## 4.4.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

| Obxectivos específicos | Act | Título das actividades | Duración (sesións) |
|---|---|---|---|
| 1.1 Distinguir y conocer los requisitos de la relación laboral e diferenciar relacións laborais especiais e relacións excluídas do dereito laboral<br><br>1.2 Distinguir as normas aplicables no ámbito labora<br><br>1.3 Determinar a norma aplicable segundo os principios de aplicación do dereito laboral | 1 | A relación laboral | 3,0 |
| 2.1 Distinguir e coñecer os dereitos e deberes dos traballadores<br><br>2.2 Distinguir e coñecer os dereitos e deberes dos empresarios, en concreto o poder de dirección e disciplinario | 2 | Dereitos e deberes dos traballadores e empresario | 3,0 |
| | 3 | O contrato de traballo: capacidade e elementos | 2,0 |

| Obxectivos específicos | Act | Título das actividades | Duración (sesións) |
|---|---|---|---|
| 3.1 Recoñecer os requisitos de capacidade para asinar un contrato laboral<br><br>3.2 Identificar os elementos esenciais dun contrato de traballo | | | |
| 4.1 Distinguir as principais modalidades de contratación laboral<br><br>4.2 Identificar os dereitos e obrigas do traballador en cada modalidade contractual | 4 | Tipos de contrato de traballo | 4,0 |
| 5.1 Identificar as características das relacións laborais a través de ETTs<br><br>5.2 Coñecer as características propias do teletraballo | 5 | ETTs y Teletrabajo | 2,0 |
| 6.1 Avaliar os coñecementos de partida e o proceso de ensino-aprendizaxe tendo en conta os criterios de avaliación | 6 | Avaliación | 2,0 |
| | | TOTAL | 16 |

## 4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación | Instrumentos de avaliación | Mínimos exixibles | Peso cualificación (%) |
|---|---|---|---|
| CA4.1 Analizáronse as obrigas e os dereitos derivados da relación laboral, así como as condicións de traballo pactadas nun convenio colectivo aplicable ao sector profesional relacionado co título | • PE.1 - Proba escrita-exame | S | 50 |
| CA4.2 Comparáronse as principais modalidades de contratación, e localizáronse os modelos nas fontes oficiais | • PE.2 - Proba escrita-exame | S | 25 |
| CA4.3 Identificáronse as características definitorias das novas contornas de organización do traballo e os dereitos que levan consigo | • PE.3 - Plan empresa | S | 25 |
| | | TOTAL | 100 |

## 4.4.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución etc.<br><br>0Dereito do traballo. |

| Contidos |
|---|
| Análise da relación laboral individual. |
| Retos laborais derivados da contorna dixital. |
| Elementos, características e requisitos de formalización do contrato de traballo. |
| Novas contornas na organización do traballo e as súas implicacións nas relacións laborais. |
| Dereitos e deberes derivados da relación laboral. |
| Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación. |
| Conflitos colectivos na empresa. |
| Representación das persoas traballadoras na empresa. |
| Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación. |
| Sindicatos de traballadores e traballadoras, e asociacións empresariais. |

## 4.4.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

| Que e para que | Como | | | Con que | Como e con que se valora | Duración (sesións) |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Actividade<br><br>(título e descrición) | Profesorado (en termos de tarefas) | Alumnado (tarefas) | Resultados ou produtos | Recursos | Instrumentos e procedementos de avaliación | |
| A relación laboral | | | | | • PE.1 - Proba escrita-exame<br>• PE.3 - Plan empresa | 3,0 |
| Dereitos e deberes dos traballadores e empresario | | | | | • PE.1 - Proba escrita-exame | 3,0 |
| O contrato de traballo: capacidade e elementos | | | | | • PE.1 - Proba escrita-exame | 2,0 |
| Tipos de contrato de traballo | | | | | • PE.2 - Proba escrita-exame | 4,0 |
| ETTs y Teletrabajo | | | | | • PE.3 - Plan empresa | 2,0 |

**6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

Segundo a ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial, no seu artigo 25, co 6% (7-8 clases) de faltas inxustificadas prodúcese un apercibimento. Co 10% (13 sesión de 50 min) de faltas sen xustificar ou o 15% (19-20 sesións de 50 min) de faltas (xustificadas e sen xustificar) prodúcese a perda do dereito á avaliación continua.
Isto implicará que este alumnado terá dereito a asistir ás clases pero non ás avaliacións parciais que se van desenvolvendo ao longo do curso. Ademais, "o profesorado poderá non permitir a realización de

determinadas actividades aos alumnos e ás alumnas que perdesen o dereito á avaliación continua, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmos, o resto do grupo ou as instalacións."
Concretando: o alumnado que perda o dereito á avaliación continua terá dereito a asistir a clase e a realizar unha proba de avaliación extraordinaria entre o final da 3ª avaliación e a avaliación final.

- Proba escrita (100% da cualificación): incluirá diversas preguntas teóricas de toda a materia, no que se incluirán contidos das unidades didácticas, xunto con casos prácticos a resolver, no que se incluirán exercicios de cálculo numérico. A proba denominarase Proba Final Extraordinaria e indicarase oportunamente.
Os criterios de avaliación neste caso son:
- Os establecidos para cada unha das unidades didácticas.

Previo ás datas de avaliación sinaladas pola Xefatura de Estudios, realizaranse as probas finais extraordinarias.
Estas probas consistirán en varias preguntas curtas ou contestación de cuestionarios, con casos prácticos a resolver polo alumno de forma individual.
Ao comezo do curso o profesor indicará aos alumnos como vai ser a proba final e como serán tamén as das avaliacións trimestrais, para que estes saiban como preparalas.
Os alumnos que teñan superadas todas as avaliacións parciais non terán que realizar a proba final.
Para a superación do módulo será necesario ter as tres avaliacións superadas, tomándose en consideración os traballos que realice na aula se os houbera.
Os alumnos que non teñan as tres avaliacións superadas e aqueles que teñan perdido o dereito de avaliación contínua, deberán realizar o exame final para superar o módulo. A superación da UF 2 non implicará a superación da UF 1, debendo estar ambas avaliadas positivamente para a superación do módulo de IPE, conforme á lexislación vixente.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Debemos partir de que a programación, como guía de ensino aprendizaxe para o curso académico e garantía para o alumnado ha de ser cumprida na súa totalidade. Elo non significa que non poida irse adaptando ó longo do curso nos contidos e na temporalización para adecuala a realidade concreta do grupo no que se vai impartir, sempre condicionándose á resposta do alumnado a determinados coñecementos e prácticas.
A propia aplicación informática establece un procedemento de seguimento da programación para cada unidade didáctica que se irá cumprimentando periodicamente ó longo do curso e na que se reflectirá o grao de cumprimento, e se as actividades se realizaron conforme ó previsto ou houbo algunha desviación en cuxo caso se expresarán as causas e se fará a proposta de rectificación e/ou mellora correspondente.

Mensualmente na reunión de departamento un dos puntos a tratar na orde do día será o de seguimento da programación e se valorará o grao de cumprimento da mesma, reflectindo na acta correspondente as incidencias e suxestións manifestadas polo profesorado respecto o/s módulo/s que imparte.

Os criterios para avaliar as programacións serán:
- O control do seu cumprimento
- O estudo das modificacións oportunas
- O grao de aprendizaxe alcanzado polo alumnado, estudando os resultados académicos para ver si se axustou ó seu nivel

- A adecuación da secuenciación e temporalización de contidos
- Todos aqueles que o equipo docente do departamento estime oportunos para a avaliación da súa propia práctica.

Proposta de mellora:

As propostas de modificacións derivadas do proceso de avaliación, serán recollidas periodicamente nas actas das reunións do profesorado de IPE. As modificacións que se acordasen incluiranse na programación do curso académico seguinte. Todos estes aspectos deben terse en conta para a elaboración da Memoria de fin de curso.
Para avaliar o meu desempeño como profesor e esta programación didáctica podo empregar as notas recollidas das actividades e probas escritas, reunións co alumnado ou con outros profesores, informes dos traballos en equipo, etc., pero haberá algúns instrumentos deseñados especificamente para esta fin; como poden ser:
- Táboa de autoavaliación: ao final de cada unidade a táboa de "Avaliación da unidade", na que se poden inclúir items cos que se avaliarán aspectos como a evolución académica do alumnado ou a participación na aula, entre outros.
- Cuestionario anónimo a través de Google/Aula Virtual: con este cuestionario o alumnado poderá responder a unha serie de preguntas relacionadas co desenvolvemento das clases, ritmo, adecuación dos contidos, recursos dispoñibles, actividades complementarias, etc.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A avaliación inicial terá lugar nas primeiras semanas do curso, servindo de diagnóstico de partida para o equipo docente. Esta avaliación servirá para detectar no alumnado a súa formación previa e as súas capacidades, servindo de orientación para o profesorado. Ademáis permitirá adoptar medidas de reforzo educativo e/ou de flexibilización modular.
Este departamento empregará como instrumentos para a avaliación inicial a realización de tests/cuestionarios de preguntas cortas que versarán sobre distintos temas de cultura xeral relativos á materia.
A avaliación tamén se desenvolverá a través da observación directa na aula.

Finalmente, outro instrumento de avaliación será o plantexamento de debates dende os primeiros días, coa finalidade de observar a capacidade de argumentación e razoamento dos estudantes, os roles que se van establecendo dentro do grupo e a capacidade de respecto e de traballo en equipo.

As conclusións acadadas na avaliación inicial do módulo sinalaranse na reunión da avaliación inicial do grupo que realizará o equipo docente e que servirá para orientar e situar ao alumnado en relación co perfil profesional correspondente. Nesta reunión o profesor/a que se encargue da titoría dará a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias académicas ou persoais con incidencia educativa, do alumnado que o compoñan. Esta información terase en conta para afondar no coñecemento do alumnado.

Ademáis realizarán diagnósticos iniciais nos diferentes bloques de contidos (dado a diversidade de contidos do módulo) que informarán da situación ao comezo do proceso de aprendizaxe, para valorar os

coñecementos previos do alumnado. Para isto o alumnado realizará un cuestionario/comentarios sobre os contidos de cada unidade didáctica ao inicio da mesma, empregando diferentes ferramentas, Kahoot, visualización dalgún vídeo introductorio e o seu comentario.... Esta avaliación non terá influencia na cualificación do alumnado.

## 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Como define o D 229/2001, a diversidade é unha realidade social, e, polo tanto, unha realidade en cada centro educativo; realidade derivada da singularidade biolóxica, psicolóxica, social e cultural de cada alumna e cada alumno, da singularidade de cada familia e de cada unha das profesoras e dos profesores; tamén das particularidades de cada centro e de cada comunidade educativa no seu conxunto.

Ante esta diversidade o artigo 8. Medidas ordinarias, do Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade, establece unha serie de medidas ordinarias que se poden poñer en práctica. Ademais, o Decreto 114/2010, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, establece no seu artigo 34º.3 que o profesorado "adaptará e xustificará as programacións ás necesidades educativas do alumnado que forme o seu grupo de atención" e que "cando o progreso dun alumno ou dunha alumna non responda globalmente aos obxectivos programados, o profesorado adoptará as oportunas medidas de reforzo educativo". Sabemos que non podemos modificar nin os resultados de aprendizaxe, nin os criterios de avaliación nin os contidos do currículo do ciclo, pero si o proceso de avaliación (art. 49.3, D 114/2010).

Tendo en conta estas medidas de reforzo educativo, para o alumnado que non acadase globalmente os obxectivos programados teranse en conta as razóns para deseñar a medida que lle axude a acadalos. Pode consistir simplemente nunha ampliación do prazo de entrega do traballo ou tarefa cando non responde aos criterios de avaliación establecidos previamente polo profesor, se se entende que cunha ampliación do prazo poderá mellorar o traballo e corrixir os erros que se detecten, e atendendo ás súas circunstancias persoais. Noutros casos, a práctica docente permitiranos ver que o problema non é a falta de tempo senón os distintos ritmos de aprendizaxe do alumnado. Neste caso a solución podería pasar por establecer, por acordo entre o profesor e o alumnado, sesións de reforzo nuns recreos determinados, onde se incida só nos conceptos relacionados cos criterios de avaliación nos que o alumnado amosa dificultades. Posteriormente estes criterios de avaliación serían avaliados de novo para comprobar a súa superación. Por último, sinalar que a través do correo electrónico e da aula virtual do centro, o alumnado que teña acceso a internet poderá acceder a titorías en liña e materiais de reforzo (apuntamentos, esquemas e actividades de reforzo) para que el/ela mesmo/a poida xestionar o seu ritmo de aprendizaxe.

Cando o/a alumno/-a promociona a segundo curso do ciclo co módulo suspenso, dependendo das circunstancias, poderanse establecer medidas de apoio e seguimento con atención individualizada determinados días e horas fóra do horario lectivo, incluso sinalando datas e horas para a celebración de probas, para intentar que aprobe en marzo e poida ir á FCT. No caso de que quede para xuño xa se deseña un calendario con actividades lectivas, nas que se lles imparten clases presenciais de reforzo e repaso, e ao final fánselle probas escritas que deberán superar.

Nos casos en que se trate dun/dunha alumno/-a con necesidades especiais, será preciso ter en conta a valoración que se faga dende orientación e

as medidas que consideren nese departamento que se deban adoitar.

ALUMNADO CON NEAE:

A L.O.E. refírese ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo no Capítulo I, artigo 71, "Equidade na Educación. Alumnado con necesidade específica de apoio educativo", como aqueles ¿alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, polas súas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar".
Asemade, a L.O.E., tamén no artigo 71, establece como principios para a intervención con alumnado con N.E.A.E.: normalización no trato a este tipo de alumnado, sen obviar as súas necesidades, pero sen empregar estas como escusa para darlles un trato marxinal; inclusión no contexto ordinario do alumnado con algunha minusvalía. Outro principio que cómpre ter en conta é a individualización do ensino.
En canto á actuación do docente con este alumnado, o primeiro que hai que facer é detectar as necesidades específicas de apoio. Para isto, nos meses de setembro e outubro, lévase a cabo unha avaliación inicial para coñecer o nivel do alumnado. A proba de avaliación ten como obxectivo comprobar o nivel de competencias básicas en canto á lectura comprensiva, expresión escrita, razoamento crítico e cálculo básico, o seu dominio ou non das TIC, e a súa motivación con relación ao ciclo e as expectativas que teñen con relación a este módulo. A última parte da proba é sobre conceptos relacionados co módulo e os coñecementos previos que teñen. Esta proba desenvólvese nunha sesión lectiva e os resultados da mesma son de uso persoal e profesional, sen darlle ningún tipo de nota ao alumnado. O segundo que debería facer como docente sería comunicar ao departamento de orientación o caso ou casos que atopara, sendo o seguinte paso colaborar con este departamento na avaliación psicopedagóxica do/da alumno/-a. O cuarto paso sería intervir aplicando as medidas que se estimen oportunas en cada caso.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

A finalidade da educación é o desenvolvemento integral do alumnado. Isto supón atender non só ás capacidades cognitivas ou intelectuais dos alumnos senón tamén ás súas capacidades afectivas, motrices, de relación interpersonal e de inserción e actuación social. A formación ético-moral xunto coa formación científica debe posibilitar esa formación integral.
A Lexislación educativa estableceu os currículos das distintas etapas educativas e neles os ensinos ou temas transversais que deben estar presentes nas diferentes áreas. O carácter transversal fai referencia a diferentes aspectos:
a) Os temas transversais abarcan contidos de varias disciplinas e o seu tratamento debe ser abordado desde a complementariedade.
b) Non poden suscitarse como un programa paralelo ao desenvolvemento do currículo senón insertado na dinámica diaria do proceso de ensinoaprendizaxe.

c) Son transversais porque deben impregnar a totalidade das actividades do centro.
Por outra banda, os temas transversais deben contribuír especialmente á educación en valores morais e cívicos do alumnado.
Son considerados temas transversais:
- Educación moral e cívica.
- Educación para a paz.
- Educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos.
- Educación ambiental.
- Educación para a saúde.
- Educación vial.
- Educación do consumidor.
- Educación para o desenvolvemento.
- Educación para o uso das novas tecnoloxías da información e a comunicación.

Aínda que este modulo ten relación con todas as categorías de valores de carácter transversal, algúns deles é máis doado integralos fluidamente na programación, pois mesmo son contemplados na propia lexislación que debemos analizar e forman parte dos propios CA do módulo:

1. Educación ambiental, relacionado co bloque de saúde laboral. Tendo en conta o sector produtivo é preciso sensibilizar ó alumnado respecto a necesidade de utilizar materiais e realizar un bo tratamento dos residuos, con vistas á protección do medio ambiente e aumento dos niveis de calidade y seguridade.
2. Educación Vial, vinculado co tema de Sinalización e Accidentes de Traballo ¿in itinere¿.
3. Educación para a Saúde, temas de prevención de riscos e de primeiros auxilios. É tamén un dereito e un deber dos traballadores a integridade física e unha adecuada política de seguridade e hixiene.
4. Educación para a Paz, que contribúe a desenvolver no alumnado a capacidade para consolidar su madurez persoal, social, e moral permitindo actuar de forma pacífica na resolución de conflitos.

Igualdade de oportunidades. Non discriminación no acceso ao emprego unha vez empregados por razón de sexo, estado civil, relixión, etc¿Esta igualdade deberase respectar en todo momento, incluso no acceso ao mercado laboral.

5. Educación Moral y Cívica. Relacionada cos deberes que rexen a relación laboral, como os de cumprir as obrigas concretas do seu posto de traballo, de conformidade coas regras da boa fe e dilixencia.
6. Educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos, directamente relacionada co bloque de procura de emprego.

Por último, a necesidade de consultar múltiples páxinas Web (mtas.es, seg-social.es, redtrabaja, etc.), e de navegar pola rede é parte da Educación para o uso das TIC.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

O desenvolvemento destas actividades dependerá da dispoñibilidade financeira do departamento e da dispoñibilidade das empresas e do profesorado, así como do comportamento do alumnado. Con carácter xeral, desenvolveránse aquelas actividades consistentes en:

- Cantas charlas, visitas, actividades complementarias acorde como de utilidade o departamento, có consentimento da directiva do centro.
- Cantas actividades desenvolva o departamento en coordinación cós restantes departamentos dos diversos ciclos de FP que se imparten no centro.
- De xeito concreto proporase a visita dos Xulgados do Social de Vigo unha vez vista a parte de dereito laboral para poder presenciar xuizos relativos a despedimentos ou outras cuestións laborais de interese.

## 10.Outros apartados

### 10.1) Libro de texto

O libro de texto recomendado para este módulo é o manual de IPE I da editorial TulibrodeFP. (Actualizado a 2024)

### 10.2) Modificacións

De ser necesario, alterarase a orde das UD,s, sempre que facilite o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado, salvo as da unidade formativa 1 que serán impartidas na 1ª avaliación tal el como contempla a normatia.

### 10.3) Educación semipresencial e a distancia

Atendendo á evolución da pandemia provocada pola Civid-19, cómpre prever diferentes situacións en función da situación que se produza: semipresencialidade ou a distancia. Traballarase coa expectativa de impartir, coas pertinentes adaptacións no método, todos os contidos para causar o menor prexuízo ao alumnado. Porén, no caso de existir dificultades técnicas ou de acceso á tecnoloxía adecuada por motivos económicos, procederase a unha selección dos mesmo.

Con respecto á metodoloxía, os contidos teóricos trataranse a través de Webbex de xeito simultáneo co alumnado; o alumnado levará a cabo actividades que se compartirán mediante correo electrónico ou Aula Virtual Moodle, que tamén serán os instrumentos que se empregarán para resolver dúbidas.

Manteranse tamén os mesmos criterios de cualificación e avaliación que rexen para o ensino presencial, adaptando os exames e as actividades de corrección ao formato semipresencial ou a distancia, segundo o caso, coas conseguintes axustes para a súa realización ¿online¿

**10.4) Metodología**

Á hora de determinar a metodoloxía a seguir neste nivel educativo, debemos sinalar unha circunstancia determinante: a heteroxeneidade do alumnado. Isto supón unha serie de implicacións psicolóxicas e necesidades educativas diversas que deberemos tratar coa máxima dedicaciónosible.
A metodoloxía didáctica das ensinanzas de formación profesional integrará os eidos científicos, tecnolóxicos e organizativos que en cada caso correspondan, co fin de que o alumnado adquira unha visión global dos procesos produtivos propios da actividade profesional correspondente (R. D. 1538/2006). Este proceso concrétase na Lei Orgánica 2/2006 de Educación a través do logro dos resultados de aprendizaxe.
Tendo en conta que a finalidade da formación profesional no sistema educativo é preparar ao alumnado para a actividade nun campo profesional e facer máis doada a súa adaptación ás modificacións laborais que poden producirse, así como contribuír ao seu desenvolvemento persoal, ao exercicio dunha cidadanía democrática e á aprendizaxe permanente, esta programación terá en conta os seguintes principios metodolóxicos:
1. Aprendizaxe construtiva e significativa: debemos ter en conta que é necesario favorecer no alumnado a capacidade de aprender por si mesmo, polo que será preciso servirse dunha metodoloxía didáctica eminentemente activa, onde o profesor guíe o ensino de tal xeito que o alumnado sexa o protagonista da súa propia aprendizaxe, dando pulo ao seu propio desenvolvemento. Para isto será importante ter en conta os coñecementos previos do alumnado e as súas motivacións e inquedanzas, ofrecendo en todo momento unha visión práctica e útil do módulo capaz de incrementar a súa motivación no proceso de ensinanza e aprendizaxe, estimulando desta forma a transferencia e as conexións entre os contidos. Por iso será necesario estruturar ben os contidos e atopar actividades ás que o alumnado vexa sentido, que nos permitan ir sempre do coñecido ao descoñecido, do xenérico ao específico, do concreto ao abstracto.
Para isto empregarei unha metodoloxía distinta (metodoloxía ecléctica ou mixta) dependendo do tipo de actividade que esteamos a facer ou dos contidos da unidade, que irá dende o uso da lección comunicativa para aqueles conceptos máis abstractos e descoñecidos polo grupo que precisen dunha explicación para facilitar a comprensión por parte do alumnado (por exemplo, para explicar na UD5. O dereito do traballo, os principios de aplicación das normas de dereito laboral, xa que é frecuente que haxa alumnado que confunde os principios de ¿norma máis favorable¿ e ¿condición máis beneficiosa¿, polo que optarei por explicar estes principios, poñer exemplos e facer actividades para comprobar que o alumnado é capaz de distinguilos), ao método demostrativo (especialmente útil para a UD3. Emerxencias e primeiros auxilios, na que o alumnado pode aprender a facer a RCP por observación, xa que usando os bonecos do departamento de educación física podo demostrar
cales son os movementos exactos que hai que facer, como colocar as mans e os brazos, etc.) onde o alumno aprende por observación, pasando

pola aprendizaxe por descubrimento (por exemplo na UD12. Itinerarios profesionais e procura de emprego, o alumnado deberá buscar ofertas de emprego relacionadas co seu ciclo, cales son os traballos que pode facer, cal é a oficina do SEPE na que se debe inscribir como demandante de emprego, etc.). Á hora de resolver as dúbidas que poidan xurdir o alumnado poderá tratar de resolvelas na aula, a través do correo electrónico ou no chat e foros da aula virtual, pero procurarase, sempre que sexa posible, non dar unha resposta directa á dúbida senón dar ferramentas para que o alumnado poida resolver a dúbida por si mesmo.

Para conseguir estes obxectivos debemos presentar ao alumnado unha ampla gama de actividades graduadas en dificultade e en profundidade, en función das competencias básicas e dos contidos a traballar, que permitan distintos niveis de execución, tratando nas distintas unidades didácticas:

- Actividades de avaliación dos coñecementos previos: teñen como obxectivo proporcionar ao profesorado a información precisa para coñecer que sabe o alumnado sobre un tema concreto e non contan para nota. O uso das TICs permitiranos facer este tipo de avaliación dunha forma amena mediante o uso dunha ferramenta chamada Kahoot, a través da cal o alumnado pode comprobar os seus coñecementos sobre un tema mediante o uso do seu teléfono móbil ou do ordenador que ten ao seu dispor na aula. Ademais temos a posibilidade de usar esta ferramenta en equipo, favorecendo a interacción.

Actividades de presentación-motivación: o seu obxectivo é introducir ao alumnado no tema que se aborda na unidade didáctica, en novos conceptos e contidos, motivándoo cara o obxecto de estudo, mediante exercicios sinxelos que conecten co seu contorno inmediato. Deben convidar ao alumnado a interesarse pola realidade a aprender.

Actividades de desenvolvemento e reestruturación de coñecementos (conflito cognitivo): deben permitir comprobar se son certos ou non os coñecementos que o/a alumno/-a ten sobre a temática en cuestión, e deben ampliar estes coñecementos. Deste xeito podemos introducir progresivamente os contidos da unidade didáctica que se estea a tratar. Neste punto, ademais dos exercicios que trae o propio libro de texto, na aula virtual o alumnado poderá atopar exercicios relacionados cos contidos da unidade que serán moi similares aos que posteriormente atoparán nas probas escritas ou outra probas de avaliación.

Actividades de reforzo: son imprescindibles para a atención á diversidade. Teñen un nivel de esixencia menor e prográmanse para os/as alumnos/-as que non acadan os coñecementos traballados na unidade didáctica, para aqueles/-as alumnos/-as con dificultades na adquisición de certos contidos. Poderán consultar este tipo de actividades na aula virtual (onde se subirá posteriormente a súa solución) e acudir nas horas de titoría ounos recreos para solucionar dúbidas. Tamén se poderán resolver estas dúbidas a través do chat e do foro da aula virtual e do correo electrónico.

Actividades de ampliación: tamén teñen en conta á diversidade nos ritmos de aprendizaxe, intereses... Están orientadas aos/ás alumnos/-as cuxas habilidades e conceptos están ben consolidadas/-os. Destinadas á profundización na unidade didáctica. Ao igual que coas actividades de reforzo, as TICs facilitarán o acceso a estas actividades e ás titorías virtuais.

Actividades de síntese e recapitulación: fan máis doado relacionar os contidos aprendidos. Permiten xeralizar e aplicar aprendizaxes e os contidos traballados, favorecendo un enfoque globalizador. Para realizar estas actividades agruparemos ao alumnado tendo en conta os seguintes criterios:

Actividades individuais: servirán para que o/a alumno/-a se preocupe do seu propio traballo. Deberei medir a distancia existente entre o que o/a alumno/-a sabe e o que se lle presenta. Plantexarei actividades abertas, axustando a axuda pedagóxica ás diferentes necesidades do alumnado,

previndo formas diferentes de traballar os mesmos contidos e permitindo a individualización da ensinanza adaptándose ao educando, favorecendo: a creatividade, a autonomía, a planificación do traballo, a iniciativa, etc. Empregarei actividades individuais cando se trate de memorizar ou cando non impliquen traballo de contidos actitudinais e de relacións socioafectivas. Por exemplo, na UD 12. Itinerarios profesionais e procura de emprego, cada alumno/a deberá elaborar un dossier de emprego no que elabore o seu currículo e redacte unha carta de presentación, no que cree a súa rede de contactos, no que conteste a preguntas reais de entrevistas de traballo, etc.

Actividades colectivas: serán por parellas, en pequenos grupos (tres ou catro persoas), e en gran grupo (grupo clase). O traballo por parellas será útil para traballar actitudes como a colaboración. O traballo en pequenos grupos será ideal para a aprendizaxe por descubrimento e o traballo de procedementos, e o traballo co grupo-clase para a realización de chuvias de ideas e debates. Requiren unha planificación e temporalización minuciosa pola miña parte. Favorecen a interacción entre os/as alumnos/-as, a socialización e adquisición de competencias sociais, o control de impulsos agresivos, a relativización dos puntos de vista e o incremento das aspiracións sociais educativas. Neste caso podemos falar do test de comprobación dos coñecementos adquiridos que se fai, xeralmente, na penúltima sesión de cada unidade didáctica. O test faise por parellas, pero corríxese en gran grupo. A corrección non consiste só en indicar cal é a opción correcta, senón que haberá que explicar por que o é e por que non o son as opcións descartadas. Neste caso eu só intervirei cando o alumnado non sexa quen de dar coa solución ou explicar o porqué da corrección ou non das diversas opcións.

2. Funcionalidade da aprendizaxe: a aprendizaxe relacionarase principalmente co desenvolvemento de habilidades e estratexias para que o alumnado aprenda a aprender. Trátase dunha metodoloxía que fomenta o funcional, de tal xeito que os coñecementos adquiridos lles sirvan para resolver cuestións futuras da súa vida cotiá e relacionadas co contexto social, cultural e produtivo que os/as rodea. Tratarei de fomentar unha aprendizaxe reflexiva no memorístico contextualizando as ensinanzas nos contornos actuais de traballo, que lle permitan actualizarse nun futuro xa que o contorno produtivo e empresarial é cambiante, adquirindo certas estratexias e habilidades que lle permitan desenvolver capacidades diferentes de análise, relación e asociación con situacións futuras que resolverán eles/as mesmos/as.

No Decreto 206/2012,polo que se establece o currículo do ciclo, póñense de manifesto unha serie de orientacións pedagóxicas para o desenvolvemento do módulo de Formación e Orientación Laboral.

E para poñer en práctica esta metodoloxía son precisos determinados medios e recursos didácticos. Será preciso distinguir entre materiais educativos e recursos didácticos. Materiais educativos son aqueles específicos para o desenvolvemento da actividade educativa. Os materiais propiamente ditos serán: libro de texto da editorial Tu libro de FP, actividades, fotocopias (nóminas e modelos oficiais de contratación) e outros documentos proporcionadas por min (maioritariamente en formato dixital a través a aula virtual, sobre todo para documentos moi extensos, como pode ser o Estatuto dos Traballadores, o seu convenio colectivo ou a Lei 31/1995 de Prevención de Riscos Laborais), formularios e cuestionarios e manequíns do departamento de sanitaria. Inclúo tamén entre os recursos con intencionalidade educativa as visitas e excursións xa comentadas no apartado 9. Tanto estes materiais como os recursos didácticos deben ser significativos, atractivos para o alumnado, actuais, relevantes e relacionados coas motivacións do grupo e coas posibles saídas profesionais do ciclo.

Os recursos didácticos son aqueles que se poden usar no centro de ensino como apoio na actividade educativa, aínda que non fosen pensados

para ese fin exclusivamente. No módulo de IPE I empregaremos os seguintes recursos didácticos: ordenadores, canón de luz, acceso a Internet (para empregar Kahoot e Youtube (NAPO, Cruz Vermella¿), para analizar casos de prensa e buscar ofertas de traballo, ou para entrar na web do SEPE e da Seguridade Social, por exemplo), encerado e software (por exemplo o programa Orienta para a unidade de Itinerarios formativos).
Tamén será un recurso importante o factor humano, referíndome ao resto do profesorado do centro (sobre todo do departamento de FOL) e ao departamento de orientación.
Ademais o alumnado conta cunhas extensas e interesantes bibliografía e webgrafía, que o poden axudar no proceso de ensino-aprendizaxeacudindo aos libros e ordenadores dispoñibles na biblioteca do centro.

## 10.5) Introducción do módulo

O primeiro día de clase informarase aos alumnos dos criterios de cualificación e das unidades didácticas que compoñen o módulo co fin de que coñezan os aspectos relativos aos criterios de avaliación que rexerán durante o curso así como dos aspectos xerais da programación didáctica do módulo.
A programación completa do módulo estará a disposición dos alumnos en todo momento na AULA VIRTUAL que utilizarán durante todo o curso neste módulo.